

## "Galiza é o obxecto dun experimento para destruír as bases da súa identidade"

Categoría: **Creación**

Publicado o Sábado, 03 Marzo 2012 17:47

Escrito por Fran P. Lorenzo



Quizais a vontade de se

liberar dunha historia imposta sexa a arela que vertebra o titánico traballo de Francisco Carballo (Maceda, 1925) nun tempo no que, como onte lembrou o presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias, "a Universidade non cubría as necesidades da historiografía nacional". Esa entrega á constitución dun relato propio da historia galega e a reivindicación do cristianismo como espazo de loita contra as inxustizas, e mesmo de subversión e crítica ao poder, atravesan a traxectoria vital e profesional de Francisco Carballo, quen onte acolleu emocionado o premio Bos e Xenerosos.

"Galiza é o obxecto dun experimento para destruír as bases da súa identidade", dixo. Denunciar o presente e o pasado desa destrución, desde os Trastámara até Xoán Carlos I, é para Carballo o obxectivo sobranceiro dos historiadores galegos. E nese papel constituíuse el mesmo como referente. Confirmáboo Anselmo López Carreira, quen o coñece desde 1978, "desde as primeiras reunións que tivemos para elaborar o manual de Historia de Galicia que en 1979 impulsou a ANPG". Entre os rasgos persoais de Carballo, López Carreira lembrou a súa "honestidade persoal, a fidelidade cos proxectos que emprendeu e o seu compromiso social". O convívio deses valores desemboca na figura humana deste renovador da historiografía galega, cuxos traballos conectaron a Galiza dos sesenta co labor silenciado de Otero Pedrayo e Ferro Couselo, eles perdidos do esplendente pasado do Seminario de Estudos Galegos. Á fronte dunha xeira de novos investigadores universitarios, Carballo amparou e asinou publicacións de referencia no eido da historiografía, a través da editora do semanario A Nosa Terra -aventura editorial que el mesmo refundou en 1977 e que chegou a presidir-, como foron a *Historia Xeral de Galiza* (1997) ou a colección de manuais especializados da colección A Nosa Historia.

### UN DINAMIZADOR SOCIO-CULTURAL NO VIGO DE 1973

Depois de chegar como mestre á Escola de Maxisterio de Vigo, en 1973, e tras o seu paso polas universidades de Salamanca, Madrid, Londres ou París, Carballo desenvolveu un extenso labor de dinamización cultural. Afiliado á

Asociación Cultural de Vigo, participou na rexurdir do sindicalismo no ensino, impulsou as misas en galego -"grazas a el eu ía á misa nos Xesuitas de Vigo, para escoitar a misa en galego", lembrou López Carreira-, alentou o grupo Irimia de cristiáns progresistas, e participou en política, cunha activa militancia nacionalista, desde a súa xa lonxana concorrencia, nos anos setenta, nas listas do BN-PG.

"Somos un país ao que se lle quere impoñer unha cultura, destruindo a que el xerara e quería continuar". O redescubrimento desa cultura propia e abatida, o coñecemento dese país, fía todo o labor como investigador historiográfico de Francisco Carballo, quen decidiu tamén afondar na historia da Igrexa galega para, simplemente, "coñecer se a Igrexa pagaba ou non a pena, se merecía aceptación ou era digna de reproche. Eu busquei na Historia a miña resposta...". Esa resposta ten a ver cunha división que Carballo fixo onte expresa: "a cúpula eclesiástica, que é un problema máis ca unha solución" fronte ao cristianismo de base que é, para o historiador, un elemento "positivo, unha forza viva e rexeneradora".

Foto: [Xunta.es](http://Xunta.es)